




# 2



Bo día!

Eu son Lino Dafonte especialista en signos de puntuación e... Estou todos os días recollendo oracións que deixades sen punto final!!! Así que, a traballar!!!!

1. Une cada signo de puntuación co seu nome.



Punto

Dous  
puntos

Coma


Puntos  
suspensivos

Signo de  
exclamación

Signo de  
interrogación

Lembra que en castelán, ao escribir unha pregunta ou unha exclamación debemos colocar os signos ao principio. ¿Entendido? ¡Seguro que sí!

2. Cando usamos os signos do exercicio anterior, adoitamos ter que escribir con maiúscula tras eles, excepto con dous signos, cales son?



3. Le as seguintes oracións, marca aquelas que estean ben escritas e copia no teu caderno **con bolígrafo** as demais corrixindo os erros.

a miña mestra chámase inés

Teño moitas ganas de ir á praia.

o outro día comín sopa filete con patacas e unha mazá

Teño na escola a libreta de lingua, unhas carpetas, as tesoiras...

¡¡Gustaríache comer hoxe macarróns!!